



**CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A GASOLINEIRA DE SERVICIOS
PUENTE LIÑARES/ SPL
E A ASOCIACION DE COMERCIANTES DE A ESTRADA**

En A Estrada a 19 maio 2016

Reunidos,

Dunha parte D. Alfredo González Otero con D.N.I.76824948A, como presidente da Asociación de Comerciantes de A Estrada (ACOE) con C.I.F. G-36310076.

De outra parte D. José Salgueiro Canabal con D.N.I 35317277H como administrador de Servicios Ponte Liñares, con CIF B-36170389.

Ambas partes recoñécense mutuamente a capacidade necesaria para levar a cabo o presente convenio conforme á seguinte cláusula:

- I. Todos os comerciantes asociados á ACOE váiselle entregar unha tarxeta de desconto para repostaxe na dita gasolinera e ir acumulando descontos para canxear por lavado, produto en tenda ou no restaurante.
Por cada 30l. de combustible 1€ de desconto.
- II. Cada asociado a ACOE terá un lavado gratis mensual (3 meses).
- III. Para acceder a estes beneficios é obrigatorio estar de alta na Asociación e presentar o carné de asociado a ACOE.
- IV. A ACOE, comprométese a facer entrega das tarxetas os asociados e informarlles de dita colaboración.
- V. Por outra banda, a empresa SPL, vai levar a cabo unha promoción para os clientes dos comercios asociados a ACOE, facéndolle entrega dunhas tarxetas que a cambio dunha compra os comerciantes entregarán os seus clientes. Por cada 20l. De combustible 0,50€ de desconto. Para canxear en produtos en tenda, lavado ou restaurante.

- VI. A promoción dos Comercios asociados terá unha duración dende o 1/05/2016 ata o 30/04/2017.
- VII. A promoción dos clientes dende o 01/05/2016 ata 31/07/2016. Podéndose levar a cabo noutras épocas do ano.
- VIII. Estas promocións non serán acumulables con outros descontos e promocións.
- IX. De conformidade co disposto na Lei Orgánica 15/1999 de Protección de Datos, a empresa SPL e a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE A ESTRADA informan, que os datos persoais facilitados a través do contrato establecido entre ambas, serán incorporados nun arquivo de clientes e tratados de maneira automatizada. A finalidade do citado arquivo é servir como soporte de información aos servicios comerciais nos que traballan ambas empresas.

Este contrato ten carácter mercantil e rexirase polas súas propias cláusulas, ou no que nelas non estivera contemplado, polo previsto nas disposicións españolas contidas no código de comercio, leis especiais e usos mercantís.

Asdo.

Asociación de Comerciantes da Estrada

D. Alfredo González Otero

Asdo.

Servicios Puente Liñares

D. José Salgueiro Canabal